

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

1572 *REAL DECRETO 87/2005, do 31 de xaneiro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro. («BOE» 27, do 1-2-2005.)*

O punto terceiro do artigo 7 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, suprimiu as exencións que se establecían nos artigos 20.un.27.º e 26.cinco da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Mediante a devandita modificación suprimíuse a exención que se aplicaba a certas operacións con materiais de recuperación e substituíuse este réxime por outro en que o suxeito pasivo do imposto correspondente a estas transaccións é o empresario ou profesional destinatario delas. Igualmente, ampliouse o ámbito obxectivo da medida coa inclusión de certas prestacións de servizos e algunhas operacións realizadas con produtos semielaborados. Por último, fíxose que a aplicación deste réxime dependese exclusivamente das características obxectivas dos produtos. Desta maneira, a partir do 1 de xaneiro de 2004, en todas as operacións que teñan por obxecto os bens e servizos a que se refire o artigo 84.un.2.º c) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, o empresario ou profesional destinatario delas é o suxeito pasivo do imposto correspondente a estas.

A primeira consecuencia que deriva do anterior é que a regulación regulamentaria que se facía no artigo 8 bis do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, que desenvolvía a exención aplicable con anterioridade a unha parte destas operacións, deixa de ter sentido, polo que se fai necesaria a derogación do devandito precepto.

A segunda consecuencia da nova regulación legal da materia supón que as empresas que realizan operacións que se encontran incluídas no ámbito obxectivo da medida deixaron de repercutir o imposto aos seus clientes, polo que as cotas que soportan polas súas adquisicións de bens e servizos non se poden recuperar da Facenda pública de forma inmediata, ante a insuficiencia de cotas devengadas das cales sexan suxeitos pasivos. Esta circunstancia pode ocasionar custos financeiros importantes para estas empresas, polo que se fai necesaria

establecer a aplicación do procedemento de devolución especial que se desenvolve polo artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. De igual maneira, inclúense as operacións de arrendamento financeiro entre aquelas que permiten ter acceso a este especial procedemento de devolución, para paliar o quebranto financeiro que igualmente se produce como consecuencia do desfase entre o momento en que se repercute o imposto ao destinatario das devanditas operacións e aquel en que se soportaron as cotas correspondentes á adquisición.

O punto primeiro.tres e o punto segundo do artigo 7 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, deron nova redacción ao punto tres do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro. Esta nova redacción supoñía a adaptación da citada Lei 37/1992, do 28 de decembro, á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, cuxa entrada en vigor, o 1 de setembro de 2004, supón a desaparición dos procedementos de quebra e suspensión de pagamentos e a súa substitución polo procedemento de concurso de acredores. A nova redacción da Lei 37/1992, do 28 de decembro, axústase ao procedemento previsto na Lei 22/2003, do 9 de xullo. A disposición transitoria primeira deste real decreto establece a normativa aplicable aos procedementos de quebra ou suspensión de pagamentos que se rexan polo dereito previo á Lei 22/2003, do 9 de xullo.

Pola súa parte, o punto primeiro.cuatro do artigo 7 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, deu nova redacción ao punto catro do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, e ampliou a posibilidade de modificar á baixa a base imponible das operacións por falta de pagamento do destinatario aos supostos en que o devandito destinatario era un particular, cumpridos certos requisitos que se establecen na devandita norma.

O referido artigo 80, no seu punto sete, condiciona as modificacións da base imponible que se sinalaron ao cumprimento dos requisitos establecidos regulamentariamente. En desenvolvemento desta habilitación, o artigo 24 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, establece os requisitos para a modificación da base imponible nestes casos. A nova redacción do precepto legal a que se fixo referencia nos dous parágrafos anteriores fai necesaria a revisión do citado texto regulamentario para a súa adaptación aos cambios que se sinalaron.

Finalmente, no que respecta ao imposto sobre o valor engadido, dáselle nova redacción ao artigo 73 do seu regulamento e modifícase o mecanismo de liquidación das cotas correspondentes ás operacións asimiladas ás importacións. A partir da entrada en vigor deste real decreto, as cotas que haxa que ingresar como consecuencia da realización deste feito imponible serán deducibles na mesma declaración-liquidación en que se proceda ao devandito ingreso. Desta maneira, elimínase a posibilidade de que a simple realización destas operacións poida

supor algún custo financeiro para os empresarios ou profesionais que as efectúen, e respóndese mellor ao principio de neutralidade tributaria, básico neste imposto.

O Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, aprobou o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A súa aprobación culminou a transposición da Directiva 2001/115/CE, do Consello, do 20 de decembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 77/388/CEE con obxecto de simplificar, modernizar e harmonizar as condicións impostas á facturación en relación co imposto sobre o valor engadido.

O artigo 13 do citado regulamento regula a expedición de facturas ou documentos substitutivos rectificativos. Desde a entrada en vigor da nova regulación regulamentaria desta materia, constatáronse as complexidades que implica o seu cumprimento, razón pola cal se considerou conveniente a aclaración do seu contido. Para tal efecto, o novo texto regulamentario mantén unha parte dos requisitos que se exixen aos documentos de rectificación, pero aclara que os citados documentos poden indicar directamente a rectificación efectuada con independencia do seu signo, polo que se habilita a expedición destes documentos con importes negativos.

Así mesmo, considerouse oportuna a revisión do precepto que regula a anotación rexistral das facturas, mediante a aclaración dos supostos en que procede a rectificación das anotacións rexistrais (artigo 70 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido).

En canto á modificación do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, a Directiva 92/12/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1992, relativa ao réxime xeral, tenza, circulación e controis dos produtos obxecto de impostos especiais, establece no seu artigo 15 bis que cada Estado membro deberá dispor dunha base de datos electrónica que conteña un rexistro das persoas que posúen a condición de depositario autorizado ou de operador rexistrado en materia de impostos especiais, así como un rexistro dos lugares autorizados.

En España esta base de datos electrónica está articulada arredor do Código de actividade e do establecemento (CAE), que identifica, en materia dos impostos especiais de fabricación, unha determinada actividade e o establecemento onde esta se exerce. A composición do CAE encóntrase regulada no artigo 41 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

Non obstante, a falta de harmonización da estrutura do «número de impostos especiais» que cada Estado membro lles atribúe aos seus operadores no ámbito das súas competencias (en España, o citado CAE) ten o seu reflexo nun importante número de problemas no funcionamento da base de datos SEED (System of Exchange of Excise Data) que se agudizarían unha vez que se implante o EMCS (Excise Movement and Control System). Por iso, no seo do Comité de Impostos Especiais da Comisión Europea, acordouse unha harmonización do «número de impostos especiais» consistente en que este teña 13 caracteres, dos cales os dous primeiros deberán ser o código ISO do país, e os restantes, un código de serie alfanumérico de 11 caracteres determinado polas respectivas autoridades nacionais.

Todo iso obriga á modificación do punto 2 do citado artigo 41 do Regulamento dos impostos especiais.

Todo o anterior xustifica a aprobación deste real decreto, que se estrutura en tres artigos, tres disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Este real decreto conta co informe da Comunidade Autónoma de Canarias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xaneiro de 2005,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

O Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Suprímese o artigo 8 bis.

Dous. Modifícase o artigo 24, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 24. *Modificación da base imponible.*

1. Nos casos a que se refire o artigo 80 da Lei do imposto, o suxeito pasivo estará obrigado a expedir e remitir ao destinatario das operacións unha nova factura ou documento substitutivo en que se rectifique ou, se é o caso, se anule a cota repercutida, na forma prevista no artigo 13 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

A diminución da base imponible ou, se é o caso, o aumento das cotas que deba deducir o destinatario da operación estarán condicionadas á expedición e remisión do documento que rectifique o anteriormente expedido.

2. A modificación da base imponible cando se dite auto xudicial de declaración de concurso do destinatario das operacións suxeitas ao imposto, así como nos demais casos en que os créditos correspondentes ás cotas repercutidas sexan total ou parcialmente incobrables, axustarase ás normas que se establecen a continuación:

a) Quedará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º As operacións cuxa base imponible se pretenda rectificar deberán ter sido facturadas e anotadas no libro rexistro de facturas expedidas polo acredor en tempo e forma.

2.º O acredor terá que lle comunicar á Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal, no prazo dun mes contado desde a data de expedición da factura rectificativa, a modificación da base imponible practicada, e fará constar que a devandita modificación non se refire a créditos garantidos, afianzados ou asegurados, a créditos entre persoas ou entidades vinculadas, a créditos debidos ou afianzados por entes públicos nin a operacións cuxo destinatario non está establecido no territorio de aplicación do imposto nin en Canarias, Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 80 da Lei do imposto.

A esta comunicación deberánse xuntar os seguintes documentos:

A copia das facturas rectificativas, en que se consignarán as datas de expedición das correspondentes facturas rectificadas.

No suposto de concurso, a copia do auto xudicial de declaración de concurso do destinatario das operacións cuxa base imponible se modifica, ou certificación do Rexistro Mercantil, se é o caso, acreditativa daquel.

No suposto de créditos incobrables, os documentos que acrediten que o acredor instou o cobramento do crédito mediante reclamación xudicial ao debedor.

b) En caso de que o destinatario das operacións teña a condición de empresario ou profesio-

nal, deberalle comunicar á Delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao seu domicilio fiscal a circunstancia de ter recibido as facturas rectificativas que lle envíe o acredor, e consignará o importe total das cotas rectificadas e, se é o caso, o das non deducibles, no mesmo prazo previsto para a presentación da declaración-liquidación a que se refire o parágrafo seguinte. O incumprimento desta obriga non impedirá a modificación da base imponible por parte do acredor, sempre que se cumpran os requisitos sinalados na alínea a).

Ademais da comunicación a que se refire o parágrafo anterior, na declaración-liquidación correspondente ao período en que se recibisen as facturas rectificativas das operacións o citado destinatario deberá facer constar o importe das cotas rectificadas como minoración das cotas deducidas.

Cando o destinatario non teña a condición de empresario ou profesional, a Administración tributaria poderá requirirle a achega das facturas rectificativas que lle envíe o acredor.

c) A aprobación do convenio de acredores, se é o caso, non afectará a modificación da base imponible que se efectuase previamente.

3. No caso de adquisicións intracomunitarias de bens en que o adquirente obteña a devolución dos impostos especiais no Estado membro de inicio da expedición ou transporte dos bens, reducirase a base imponible na contía correspondente ao seu importe.

Non obstante, non procederá modificar os importes que se fixesen constar na declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias a que se refire o artigo 78.

A variación no importe da cota devengada reflectirase na declaración-liquidación correspondente ao período en que se obtívase a devolución, salvo que xa fose totalmente deducida polo propio suxeito pasivo. Neste último suposto non procederá regularización ningunha dos datos declarados.»

Tres. Engádense os parágrafos 12.º e 13.º no punto 4 do artigo 30, coa seguinte redacción:

«12.º As operacións a que se refire o artigo 84.un.2.º c) da Lei do imposto.

13.º As operacións de arrendamento financeiro a que se refire a disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.»

Catro. Modifícase o artigo 70, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 70. *Rectificación das anotacións rexistradas.*

1. Cando os empresarios ou profesionais incorresen nalgún erro material ao efectuaren as anotacións rexistradas a que se refiren os artigos anteriores deberán rectificalas. Esta rectificación deberase efectuar ao finalizar o período de liquidación mediante unha anotación ou grupo de anotacións que permita determinar, para cada período de liquidación, o correspondente imposto devengado e soportado, unha vez practicada a devandita rectificación.

2. En caso de se tratar de bens de investimento, as rectificacións, no que afecten a regularización das deducións por adquisición daqueles, anotaranse no libro rexistro de bens de investimento xunto á anotación do ben a que se refiran.»

Cinco. Modifícase o artigo 73, que queda redactado da seguinte maneira

«Artigo 73. *Liquidación do imposto nas importacións.*

1. As operacións de importación suxeitas ao imposto liquidaranse simultaneamente cos dereitos arancelarios ou cando se debesen liquidar estes de non mediar exención ou non-suxeición, con independencia da liquidación que puidese resultar procedente por calquera outro gravame.

Entenderanse incluídas no parágrafo anterior e, por tanto, liquidaranse do mesmo modo as mercadorías que abandonen as áreas mencionadas no artigo 23 ou se desvinculen dos réximes enumerados no artigo 24, ambos da Lei do imposto, con excepción do réxime de depósito distinto dos aduaneiros, sempre que a importación das devanditas mercadorías se produza de conformidade co establecido no punto dous do artigo 18 da mesma lei.

2. Para estes efectos, os suxeitos pasivos que realicen as operacións de importación deberán presentar na aduana a correspondente declaración tributaria, consonte o modelo aprobado polo ministro de Economía e Facenda, nos prazos e forma establecidos pola regulamentación aduaneira.

3. A liquidación das operacións asimiladas ás importacións será efectuada polo suxeito pasivo nas declaracións-liquidacións e consonte o modelo que, para tal efecto, determine o ministro de Economía e Facenda.

As cotas de imposto sobre o valor engadido devengadas pola realización de operacións asimiladas ás importacións serán deducibles no propio modelo, conforme os requisitos establecidos no capítulo I do título VIII da Lei do imposto.

Os prazos e períodos de liquidación son os que se establecen a continuación:

a) As operacións comprendidas nos parágrafos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º do artigo 19 da Lei do imposto incluíranse nunha declaración-liquidación que se presentará, ante o órgano competente da Administración tributaria correspondente ao domicilio fiscal do suxeito pasivo, directamente ou a través das entidades colaboradoras, nos seguintes prazos:

1.º Cando se trate das operacións a que se refiren os parágrafos 1.º, 2.º e 3.º do artigo 19 da Lei do imposto, nos 30 primeiros días do mes de xaneiro seguintes ao ano natural en que se devengase o imposto.

2.º Cando se trate das operacións comprendidas no parágrafo 4.º do artigo 19 da Lei do imposto, producidas en cada trimestre natural, nos prazos previstos no artigo 71.4 deste regulamento.

b) As operacións descritas no parágrafo 5.º do citado artigo 19 da Lei do imposto, realizadas nos períodos de liquidación a que se refire o artigo 71.3 deste regulamento, incluíranse nunha declaración-liquidación que se presentará ante o órgano correspondente da Administración tributaria competente para o control do establecemento, lugar, área ou depósito respectivo, directamente ou a través das entidades colaboradoras, nos prazos sinalados no artigo 71.4 deste regulamento.

c) As operacións da alínea b) anterior poderanse consignar centralizadamente nunha soa declaración-liquidación que se presentará, nos mesmos prazos e períodos, ante o órgano competente da Administración tributaria correspondente ao domicilio fiscal do suxeito pasivo, directamente ou a

través das entidades colaboradoras, nos casos que se indican a continuación:

1.º Cando a suma das bases impositivas das operacións asimiladas ás importacións realizadas durante o ano natural precedente excedese de 1.500.000 euros.

2.º Cando o autorice a Administración tributaria, por solicitude do interesado.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

O Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Malia o disposto no punto anterior, a obriga de expedir factura non poderá ser cumprida mediante a expedición de ticket nos supostos que se citan nos artigos 2.2 e 3.»

Dous. Modifícase o artigo 13, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Facturas ou documentos substitutivos rectificativos.*

1. Deberase expedir unha factura ou documento substitutivo rectificativo nos casos en que a factura ou documento substitutivo orixinal non cumpra algún dos requisitos que se establecen nos artigos 6 ou 7.

2. Igualmente, será obrigatoria a expedición dunha factura ou, se é o caso, documento substitutivo rectificativo nos casos en que as cotas impositivas repercutidas se determinasen incorrectamente ou se producisen as circunstancias que, segundo o disposto no artigo 80 da Lei do imposto, dan lugar á modificación da base impositiva.

Non obstante, cando a modificación da base impositiva sexa consecuencia da devolución de mercadorías ou de envases e embalaxes que se realicen con ocasión dunha posterior subministración que teña o mesmo destinatario e pola operación na cal se entregaron se expedise factura ou documento substitutivo, non será necesaria a expedición dunha factura ou documento substitutivo rectificativo, senón que se poderá practicar a rectificación na factura ou documento substitutivo que se expida pola devandita subministración, restando o importe das mercadorías ou dos envases e embalaxes devoltos do importe da devandita operación posterior. A rectificación poderase realizar deste modo sempre que o tipo impositivo aplicable a todas as operacións sexa o mesmo, con independencia de que o seu resultado sexa positivo ou negativo.

3. A expedición da factura ou documento substitutivo rectificativos deberase efectuar tan pronto como o obrigado a expedilos teña constancia das circunstancias que, conforme os puntos anteriores, obrigan á súa expedición, sempre que non transcorren catro anos a partir do momento en que se devengou o imposto ou, se é o caso, se produciron as circunstancias a que se refire o artigo 80 da Lei do imposto.

4. A rectificación realizarase mediante a emisión dunha nova factura ou documento substitutivo en que se fagan constar os datos identificativos da factura ou documento substitutivo rectificado. Poderase efectuar a rectificación de varias facturas ou documentos substitutivos nun único documento de

rectificación, sempre que se identifiquen todas as facturas ou documentos substitutivos rectificados. Non obstante, cando a modificación da base impositiva teña a súa orixe na concesión de descontos ou bonificacións por volume de operacións, así como nos demais casos en que así sexa autorizado polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, non será necesaria a identificación das facturas ou documentos substitutivos rectificados, abondando a determinación do período a que se refiran.

5. A factura ou documento substitutivo rectificativo deberá cumprir os requisitos que establecen, respectivamente, os artigos 6 ou 7. Así mesmo, farase constar no documento a súa condición de documento rectificativo e a descrición da causa que motiva a rectificación.

Cando o que se expida sexa unha factura rectificativa, os datos a que se refire o artigo 6.1.f), g) e h) expresarán a rectificación efectuada. En particular, os datos que se regulan nas alíneas f) e h) do citado artigo 6.1 poderanse consignar, ben indicando directamente o importe da rectificación, con independencia do seu signo, ben tal e como queden tras a rectificación efectuada, sinalando igualmente neste caso o importe da devandita rectificación.

Cando o que se expida sexa un documento substitutivo rectificativo, os datos a que se refire o artigo 7.1.c) e d) expresarán a rectificación efectuada, ben indicando directamente o importe da rectificación, ben tal e como quedan tras a rectificación efectuada, sinalando igualmente neste caso o importe da devandita rectificación.

En caso de que o documento rectificativo se expida como consecuencia da rectificación da repercusión do imposto e esta obrigue á presentación dunha declaración-liquidación extemporánea ou se poida substanciar a través da presentación dunha solicitude de devolución de ingresos indebidos, nel deberase indicar o período ou períodos de declaración-liquidación no curso do cal se realizaron as operacións.

6. Unicamente terán a consideración de facturas rectificativas as que se expidan por algunha das causas previstas nos puntos 1 e 2. En particular, as facturas que se expidan en substitución de documentos substitutivos expedidos con anterioridade non terán a condición de rectificativas, sempre que os documentos substitutivos expedidos no seu día cumprisen os requisitos establecidos no artigo 7.»

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.*

Modifícase o punto 2 do artigo 41 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, que queda redactado como segue:

«2. O código constará de 13 caracteres distribuídos na forma seguinte:

a) As letras ES configurarán os dous primeiros caracteres.

b) Mentres o ministro de Economía e Facenda non dispoña a súa substitución por outros caracteres, os caracteres terceiro, cuarto e quinto serán ceros.

c) Os caracteres sexto e sétimo identifican a oficina xestora en que se efectúa a inscrición no rexistro territorial.

d) Os caracteres oitavo e noveno identifican a actividade que se desenvolve.

e) Os caracteres décimo, décimo primeiro e décimo segundo expresarán o número secuencial de inscrición, dentro de cada actividade, no rexistro territorial da oficina xestora a que se refire a alínea d).

f) O carácter décimo terceiro será unha letra de control.»

Disposición transitoria primeira. *Modificación da base imponible do imposto sobre o valor engadido en procesos concursais.*

Os supostos de modificación de base imponible correspondentes a operacións suxeitas ao imposto sobre o valor engadido en que o seu destinatario non fixese efectivo o pagamento das cotas repercutidas, sempre que, con posterioridade ao devengo da operación, se ditase unha providencia xudicial de admisión a trámite de suspensión de pagamentos ou un auto xudicial de declaración de quebra daquel, rexeranse polo disposto nos puntos 1 e 2 do artigo 24 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, vixentes ata a entrada en vigor deste real decreto, en canto os citados procedementos de suspensión de pagamentos ou quebra se rexan polo dereito anterior á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición transitoria segunda. *Expedición de facturas e documentos substitutivos rectificativos e rectificación de anotacións rexistras.*

O disposto no punto catro do artigo primeiro e no artigo segundo deste real decreto será aplicable aos documentos expedidos a partir do 1 de xaneiro de 2004 e á súa anotación rexistral.

Disposición transitoria terceira. *Novos códigos de actividade e do establecemento no ámbito dos impostos especiais de fabricación.*

O disposto no artigo terceiro deste real decreto será aplicable a partir do 1 de abril de 2005.

As persoas e entidades que, en 31 de decembro de 2004, sexan titulares das tarxetas a que se refiren os puntos 8 e 9 do artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, estarán obrigados, desde o día 1 de abril de 2005, a consignar o código de actividade e do establecemento (CAE) en todos os documentos en que o devandito código deba figurar, de acordo coa estrutura establecida no artigo terceiro deste real decreto. Para este fin, as devanditas persoas e entidades completarán o CAE de oito caracteres que no seu día lles foi asignado, antepoñéndolle os caracteres ES000.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Porén, o disposto no punto tres do seu artigo primeiro unicamente será aplicable ás operacións cuxo imposto se debese devengar a partir do 1 de xaneiro de 2005. Así mesmo, o disposto no punto 3 do artigo 73 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, na redacción dada polo punto cinco do artigo primeiro deste real decreto, unicamente será aplicable ás operacións cuxo imposto se devengase a partir do 1 de abril de 2005.

Dado en Madrid o 31 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

1666 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.* («BOE» 28, do 2-2-2005.)

Advertidos erros no Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 13 en lingua galega, do 1 de decembro de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1975, segunda columna, no artigo 11, o terceiro parágrafo debe numerarse como punto «3».

Na páxina 1980, primeira columna, no artigo 22.5, segundo parágrafo, onde di: «... Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores.», debe dicir: «... Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.».

Na páxina 1985, segunda columna, no artigo 34, a alínea «a)» debe numerarse como punto «1».

Na páxina 2000, primeira columna, no artigo 71.5, onde di: «... están obrigados a subministrar conforme a súa normativa específica.», debe dicir: «... están obrigadas a subministrar conforme a súa normativa específica.».

XEFATURA DO ESTADO

2055 *REAL DECRETO LEI 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005.* («BOE» 34, do 9-2-2005.)

No mes de xaneiro de 2005, as baixas temperaturas persistentes durante varios días consecutivos provocaron graves danos por xeadas en numerosos cultivos agrícolas, cunha incidencia especial e moi xeneralizada nas comunidades autónomas de Andalucía, Illes Balears, Región de Murcia e Comunidad Valenciana, ben que esta adversidade climática afectou, aínda que con menor incidencia, outras comunidades autónomas.

Esta situación adversa ocasionou as perdas máis importantes nas explotacións agrarias orientadas á produción de hortalizas e de froiteiras.

A magnitude dos danos producidos configura unha situación asimilable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario, e aconsellan a actuación inmediata dos poderes públicos coa adopción de medidas paliativas tendentes ao restablecemento gradual da normalidade económica nas zonas afectadas.

Sabendo que estas continxencias de adversidade climática non teñen, nalgúns casos, cobertura completa no marco do seguro agrario combinado, arbítranse medidas paliativas adecuadas en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Prevese, así, un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais sobre diferentes aspectos das súas respectivas competencias, unhas dirixidas a diminuír, adecuar as cargas tributarias á capacidade contributiva dos agricultores afectados; outras, á concesión de créditos preferentes para manter a competitividade das empresas agrarias, así como as destinadas a flexibilizar o cumprimento das obrigas de